



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

Informe climatolóxico verán 2020

INFORME CLIMATOLÓXICO VERÁN 2020



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA VERÁN 2020 EN GALICIA.	3
2.1.	Temperatura.....	3
2.2.	Precipitación.....	9
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.	14
3.1.	Temperatura.....	14
3.2.	Precipitación.....	17



Verán cálido e normal en canto á precipitación.

1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de verán (xuño de 2020 a agosto de 2020). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010.

As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media desta verán e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no verán respecto do valor da media climática correspondente.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA VERÁN 2020 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

O verán de 2020 (balance dos meses de xuño, xullo e agosto) foi **cálido**, con unha anomalía positiva na temperatura media de +0.55 °C. Un mes de xuño que foi frío en canto á temperatura, seguido dun mes de xullo extremadamente cálido e cun agosto que estivo dentro dos valores normais ocasionaron que se compensasen en gran medida as temperaturas, pero a pegada do mes de xullo foi moi significativa para que este verán resultase cálido.

Comezamos o verán cun mes de xuño no que a presenza das baixas presións atlánticas estivo comprendida entre dous períodos cálidos de tormentosos, ao principio e final do mes. Deste xeito, produciuse un achegamento de aire máis frío do normal para esta época do ano. A media das temperaturas máximas e mínimas estivo preto da normalidade, pero quedou por debaixo dos valores normais para un mes de xuño. Os valores máis baixos tanto nas temperaturas máximas e mínimas, rexistráronse na alta montaña de Ourense, e nas comarcas de A Limia e Valdeorras, mentres que os máis altos situáronse na cidade de Ourense e os seus arredores, no caso das máximas, e no litoral galego para as mínimas. A temperatura media tendo en conta as once estacións representativas da serie rexional galega foi de 17.2 °C, cunha anomalía de -0.5 °C, resultando un mes moderadamente frío, debido principalmente a que as temperaturas máximas acadaron valores baixos en xeral.

O verán continuou cun mes de xullo, extremadamente cálido con respecto ao período de referencia 1981-2010, presentando sen embargo, unha anomalía inferior á rexistrada no mes de xullo do ano 2013, que foi a máxima da serie. Así, a característica principal foi a presenza de aire cálido do sur da península Ibérica e o norte do continente africano, provocando que as anomalías de temperatura fosen moi fortes, canto máis ao sur da Comunidade, onde se emitiron varios avisos por temperaturas extremas. O vento do nordés, pola contra, contribuíu a que as temperatura na metade norte fosen moito máis suaves, rozando a normalidade, e mesmo cunha anomalía negativa na zona de Fisterra. O valor medio de temperatura segundo a serie rexional galega construída con 11 estacións representativas, foi de 21.7 °C, cunha anomalía que acadou 2.03 °C, superando lixeiramente a anomalía máis alta de temperatura do



período climático de referencia. Con este valor, resultou ser o segundo ano do mes de xullo ca anomalía de temperatura máis elevado, superado polo ano 2013. As máximas foron as responsables desta anomalía, con máis de 3 °C positivos por riba da media climática, sen embargo, as mínimas presentaron unha anomalía moito menor (+1.0 °C), debido a que o vento do nordés, contribuíu a que se suavizasen as temperaturas nocturnas, que mesmo no sur, acadaban valores por debaixo dos 20 °C, algo tamén atípico tendo en conta as máximas extremas acadadas.

O verán rematou cun mes de agosto no que as temperaturas extremas acadadas na Comunidade na primeira semana do mes, con influencia anticiclónica, compensáronse coas xornadas frías da segunda quincena do mes. No territorio de Galicia tamén se apreciou unha gran variabilidade espacial nas temperaturas. A temperatura media para a serie rexional, con 11 estacións representativas, resultou de 20.1 °C, e unha anomalía de +0.13 °C. O que fixo que no conxunto de Galicia, o mes poida considerarse normal para esta época do ano. Nesta ocasión a media das máximas aínda que normal, presentou unha anomalía negativa de -0.18 °C, mentres que para a media das mínimas o mes resultou lixeiramente cálido cunha anomalía positiva de +0.44 °C.



Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de verán de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada da estación máis calorosa tanto por debaixo como por riba dos 1000 m foi a do 6 de agosto, se ben destacan tamén os días 17 e 18 de xullo por debaixo dos 1000 m e o día 30 de xuño por riba dos mesmos. Destacan tamén as provincias de Ourense e Lugo como as que rexistraron as temperaturas máximas máis elevadas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2020 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/08/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	41.2
17/07/2020	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	41.0
06/08/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	40.8
18/07/2020	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	40.8
06/08/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	40.7
06/08/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	40.5
06/08/2020	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	40.2
18/07/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	40.1
06/08/2020	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	39.9
17/07/2020	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	39.7

Táboa 1: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2020 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/08/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	34.0
30/07/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	33.4
06/08/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	33.2
06/08/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	33.2
06/08/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	32.7
06/08/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	32.7
30/07/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	32.2
06/08/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	30.9
06/08/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	30.8
06/08/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	30.5

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade no verán de 2020 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Neste caso, as xornadas do 8 e o 9 de xuño de 2020 foron as que presentaron as mínimas máis baixas, mesmo con valores que apenas chegaban aos 2 °C por riba dos mil metros, e que chegaron aos 3 °C por debaixo, principalmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2020 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/06/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-0.7
08/06/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0.4
08/06/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	0.4
12/06/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0.4
08/06/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	1.0
05/06/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	1.4
08/06/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	1.4
08/06/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	1.4
08/06/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	1.5
09/06/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	2.5

Táboa 3: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán de 2020 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2020 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/06/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1.6
09/06/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	1.0
03/07/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	1.7
09/06/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	1.9
10/06/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	2.2
08/06/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	2.3
03/07/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	2.6
31/08/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	2.8
09/06/2020	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	3.0
09/06/2020	Melide	MELIDE	A Coruña	3.0

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán de 2020 a altitude inferior a 1000m.



Na Figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o verán de 2020. As temperaturas máis altas acadáronse nas ribeiras do Miño e do Sil, así como na comarca de Valdeorras, con temperaturas que superaron os 21°C. As zonas máis frías neste verán atopámolos en Manzaneda, onde a temperatura media apenas superou os 12 °C.




Figura 1: Temperatura media no verán 2020.



Na Figura 2 pódese ver para este verán o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dun verán cálido especialmente nas comarcas de Vigo, O Carballiño e Verín, pero tamén noutras localidades situadas no norte da Comunidade. A anomalía media, segundo os valores do mapa, foi de $+0.63$ °C. Sen embargo, tamén pódense observar anomalías negativas principalmente nas chairas e fosas occidentais, destacando a comarca de Muros cunha anomalía de -0.67 °C, resultando o verán frío nesta rexión. Cómpre sinalar tamén, que houbo moitas localidades galegas nas que o verán resultou normal para a temperatura media, tal e como se reflicte no mapa de anomalías.




Figura 2: Mapa de anomalías da temperatura media no verán 2020



2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de xuño, xullo e agosto, pódese cualificar este verán como **normal**, cunha anomalía de precipitación de tan só un 3% por debaixo do valor de referencia. Aínda que o mes de xullo foi extremadamente seco, os meses de xuño (no que os valores de precipitación foron normais) e o mes de agosto (moi húmido), foron quen de compensar a baixa porcentaxe de precipitación do mes de xullo, que en moitos puntos non rexistraran apenas precipitación con rachas de moito tempo sen días de chuvia, que xa comezaran no mes de xuño.

Así, tendo en conta a precipitación, o mes de xuño resultou normal no litoral, debido á chegada de varias fronte durante o mes, que foron quen de acumular a precipitación suficiente para un mes de xuño normal. Mentres que nas rexións do interior foron as tormentas as que marcaron os rexistros de precipitación, caracteristicamente moi local, polo que temos zonas que resultaron secas, e outras máis húmidas. Así os valores máis altos déronse no leste de Lugo e Norte da Coruña e os máis baixos no sur da provincia de Ourense. As porcentaxes de precipitación estiveron moi marcadas pola accións das treboadas que afectaron principalmente á comarca de Valdeorras. O número medio de días de chuvia neste mes de xuño foi de 7.3, cun gran contraste entre as zonas montañosas do este de Lugo (case 13 días) e o os escasos 2 días de chuvia nas proximidades de Verín. O valor medio de precipitación acumulada en 16 estacións representativas da serie rexional foi de 42 L/m². A anomalía de precipitación neste mes de xuño resultou cunha porcentaxe dun 17% por debaixo do valor climático, resultando un mes normal en canto á precipitación. Xa no 2017, se acadou unha porcentaxe de precipitación similar.

Se o mes de xuño foi normal para a precipitación, o mes de xullo foi extremadamente seco, caracterizado por moitos días consecutivos sen precipitación en moitas rexións de Galicia. A presenza das altas presións ao noroeste de Fisterra illou das influencias atlánticas á Comunidade, con fronte moi desfeitas e sen apenas actividade ao tocar o litoral. Nesta ocasión, tamén as precipitacións debidas ás tormentas foron moi escasas, e só afectaron de forma significativa á comarca de Valdeorras que presentou unha porcentaxe de precipitación moi superior ao valor climático agardado. Nesta ocasión o número de días de chuvia tan só acadou un valor de 1.4 para o conxunto de Galicia, cos valores máis elevados no extremo



norte de Galicia, pero acadando tan só 5 días de chuvia, e que na gran maioría das localidades galegas non presentaron ningún día de precipitación en todo o mes, acadándose rexistros históricos en moitas de elas. O valor medio de precipitación segundo a serie rexional representativa foi de 2 L/m². Este mesmo valor, que representa unha porcentaxe de precipitación do 93% por debaixo do normal, xa se acadara no ano 1986, polo que o mes caracterizouse por extremadamente seco. Cabe ter en conta sen embargo, que en 2016 os valores de precipitación foron moi próximos cunha media de 3 L/m², e unha porcentaxe de un 91% por debaixo do normal para esta época do ano.

No mes de agosto aínda que a primeira semana a situación foi principalmente anticiclónica, presentou fronteiras activas e borrascas procedentes do Atlántico norte, con episodios de precipitación moi abundante, en moitos puntos da Comunidade. E que se concentraron entre as xornadas do 11 ao 19 do mes. Así, a anomalía de precipitación para este mes tivo unha porcentaxe do 94% por riba dos valores normais para esta época do ano, co precedente máis próximo no ano 2004 e ocupando o sexto posto en canto aos agostos máis húmidos dende o ano 1961. Por todo isto, o mes de agosto cualificouse como moi húmido. Así, neste mes recolléronse segundo as dezaseis estacións representativas da serie rexional 77 L/m². Mentres que o número de días de chuvia foi de 8. Destacando o feito de que aínda que houbo dúas xornadas con chuvias moi abondosas, as outras aínda que con precipitacións máis débiles rexistraron valores de precipitación por maiores ou iguais a 1L/m².



Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados neste verán de 2020. A provincia de A Coruña e o norte da provincia de Lugo, rexistraron os valores máis elevados de precipitación acumulada neste verán de 2020.

Precipitación máxima estacional no verán 2020			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Labrada	ABADÍN	Lugo	374
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	353
Muralla	LOUSAME	A Coruña	348
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	335
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	316
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	286
Guisamo	BERGONDO	A Coruña	275
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	269
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	257
Cespón	BOIRO	A Coruña	255

Táboa 5: Valores máximos de precipitación acumulada no verán de 2020.

Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados principalmente no sur da provincia de Ourense, debido a que as fronteiras máis activas e as treboadas apenas afectaron a estas localidades.

Precipitación mínima estacional no verán 2020			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Baltar	BALTAR	Ourense	10
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	23
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	24
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	29
Laza	LAZA	Ourense	36
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	39
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	41
Ourense	OURENSE	Ourense	42
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	45
Xabrega	SOBER	Lugo	48

Táboa 6: Valores mínimos de precipitación acumulada na verán de 2020.



Na Figura 3 móstrase a precipitación total acumulada neste verán de 2020. Os valores máis altos rexistráronse nas comarcas do Xallas, do Sar e Os Ancares, onde se acadaron ata 387 L/m². Os valores máis baixos rexistráronse en gran parte da provincia de Ourense, destacando as comarcas de A Limia e Terra de Celanova. O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 149 L/m².




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada no verán de 2020.



Na Figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. As zonas con menor precipitación respecto ao valor climatolóxico sitúanse na comarca de Verín e algunhas localidades de A Limia cun valor dun 95% por debaixo do valor climático normal. Pola contra a comarca de Valdeorras e os concellos de Bergondo e Sada presentaron as porcentaxes de precipitación máis elevadas este verán, con valores que superan os 172% por riba do normal. Considerando os valores do mapa da Figura 4, o valor medio de anomalía de chuvia para toda Galicia foi un 8% superior ao normal dunha estación de verán, co que o verán pódese considerar normal en canto á precipitación ao compensarse os valores máis húmidos e máis secos.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no verán de 2020.



3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.

3.1. Temperatura

A temperatura media de verán para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de +0.9 °C con respecto ao período climático de referencia 1971-2000 e de +0.6 °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dun verán cálido tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media verán (°C)		
2020	1971-2000	1981-2010
19.7	18.8	19.1

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media en verán e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media no verán de 2020 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
xuño	17.2	17.1	17.7
xullo	21.7	19.6	19.5
agosto	20.1	19.6	19.7

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media mensual do verán 2020 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, o mes de xuño foi frío, xullo extremadamente cálido e agosto foi normal.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de verán e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, este verán pode considerarse cunha anomalía de +0.6 °C, cálido.



Temperatura media das máximas en verán(°C)		
2020	1971-2000	1981-2010
25.6	24.6	25.0

Táboa 9: Comparación entre a temperatura máxima media en verán e a media climática galega.

Mensualmente, xuño resultou frío, xullo moi cálido e agosto normal, con respecto ao período 1981-2010.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
xuño	22.3	22.8	23.4
xullo	28.6	25.5	25.6
agosto	25.9	25.7	26.0

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media mensual do verán de 2020 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, o verán pódese considerar como cálido, cunha anomalía positiva de +0.5 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas en verán (°C)		
2020	1971-2000	1981-2010
13.7	12.9	13.2

Táboa 11: Comparación entre a temperatura mínima media en verán e a media climática galega.

A escala mensual, xuño resultou normal, xullo moi cálido e agosto cálido con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
xuño	12.1	11.5	12.0
xullo	14.8	13.6	13.8
agosto	14.3	13.5	13.8

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media mensual do verán de 2020 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos veráns dende o ano 1961 ao ano 2020. A temperatura media acadada foi neste ano de 19.7 °C.




Figura 5: Evolución da temperatura media no verán para a serie rexional galega.

A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias de once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.55 °C, o que fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como un verán cálido. Isto debeuse tanto ás temperaturas máximas que foron cálidas (anomalía +0.6 °C), como as mínimas que tamén foron cálidas (+0.52 °C). O precedente máis cálido xa foi o ano 2018, cunha anomalía lixeiramente superior.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura no verán no período 1961-2020.



3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no verán de 2020, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2020	1971-2000	1981-2010
121	121	123

Táboa 13: Comparación entre a precipitación acumulada na verán 2020 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación neste verán acadou o valor normal con respecto ao período de referencia 1971-2000 e foi un 3% inferior con respecto ao valor climático do período de referencia 1981-2010. Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase un verán normal con respecto ao último período.

O estudo mensual da precipitación acumulada neste verán (táboa 14) mostra que xuño foi normal, xullo extremadamente seco e agosto moi húmido con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Precipitación acumulada por mes (L/m ²)			
Mes	2020	1971-2000	1981-2010
xuño	42	53	51
xullo	2	32	34
agosto	77	37	38

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de verán e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nas veráns desde o ano 1961 ao 2020. O valor medio de precipitación acumulada neste verán foi de 121 L/m².




Figura 7: Precipitación acumulada na verán para a serie rexional galega.

Na figura 8 móstranse as anomalías de precipitación en verán, a anomalía media das precipitacións para este verán en Galicia, para a serie rexional, foi tan só un 3% inferior ao valor climático no período de referencia 1981-2010, o que fai que poida considerarse como un verán normal. Xa o ano anterior fora normal cunha porcentaxe de precipitación de case 1% por debaixo do normal. O precedente máis seco xa o atopamos no ano 2017.




Figura 8: Evolución da anomalía de precipitación na verán no período 1961-2020.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

Informe climatolóxico verán 2020

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Xunta de Galicia